

Resolución 9/2026 do tribunal designado para vulgar o proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado pola Orde do 24 de outubro de 2025, pola que se publican a listaxe de cualificacións definitivas deste proceso selectivo. (PR461C)

Transcorrido o prazo de alegacións as cualificacións provisionais da terceira proba deste proceso, correspondente ao proba de coñecementos da lingua galega, REUNIDO ESTE TRIBUNAL cualificador, adóptanse os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.: Confirmar como definitiva a cualificación provisionais da terceira proba (coñecementos da lingua galega) publicadas con data 23 de abril de 2026.

SEGUNDO.: Tendo en conta o establecido nas bases da convocatoria en relación a cualificación final pola cal a orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso de promoción interna efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e na fase de oposición.

A base 11 establece que:

"Unha vez rematado o proceso de acceso por promoción interna, o tribunal elaborará por orde decrecente da puntuación a listaxe de persoas aprobadas. O número destas persoas non poderá superar o de prazas convocadas e, de ser o caso, as que resulten acrecentadas de conformidade co establecido no punto 1.4 desta orde.

Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva cun número de persoas aspirantes que será, como máximo, igual ao de persoas aprobadas. Na listaxe de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza."

APROBASE:

- Como anexo I a esta Resolución, a listaxe de persoas aprobadas en número non superior ao de prazas convocadas.

Foron cubertas todas as prazas convocadas, a excepción dunha praza do concello do Carballiño e unha praza do concello de Baiona.

- Como anexo II a esta Resolución, a listaxe de reserva, por orde decrecente de puntuación.



TERCEIRO.: Remitir á esta Resolución e anexo para a súa publicación na páxina web: <https://agasp.xunta.gal/es> e aos efectos oportunos, para rematar este proceso.

Esta resolución pode ser obxecto de recurso de alzada ante o director xeral da AGASP, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro-

A Estrada, asinado dixitalmente
A secretaria do Tribunal
Mónica María Castro Pérez

VºP

Angel Arjona Bernaldez
Presidente do Tribunal

